



Explotación da enquisa sobre innovación nas empresas

METODOLOXÍA

1. Introducción

A innovación é o motor principal do crecemento económico nos países avanzados e, ao mesmo tempo, un factor importante na súa evolución social e cultural. Ao longo dos últimos anos, a innovación e o cambio tecnolóxico adquiriron unha relevancia crecente tanto na análise económica como na toma de decisións políticas nos países desenvolvidos.

O INE realizou en 1992 un estudo piloto baseado no Manual de Oslo da OCDE, que foi evolucionando e modificando a definición de empresa innovadora. Na última versión defínese unha empresa innovadora como a que realiza innovacións de produto e/ou nos seus procesos de negocio; estas últimas engloban ás innovacións de proceso, márketing e de organización.

Este estudo piloto converteuse nunha enquisa anual, coordinada coa Estadística sobre Actividades de I+D en el sector Empresas ata o ano 2020. A partir dese ano a Encuesta sobre Innovación en las Empresas pasa a ser bienal; a Estadística de I+D en el sector Empresas só se coordinará coa Encuesta de Innovación nos anos de referencia par e recollerase de forma independente nos anos de referencia impar.

Ata o ano 2020, o INE identificaba a unidade estatística empresa coa Unidade Legal (mediante o NIF en España), de forma que cada unidade legal equivalía a unha empresa a efectos estatísticos.

A partir da edición 2022, como aplicación do regulamento europeo 2019/2152, establécese como unidade estatística a **Empresa Estatística**, definida como a combinación máis pequena de unidades xurídicas que constitúe unha unidade organizativa de produción de bens e servizos e que desfruta dunha certa autonomía de decisión, principalmente á hora de empregar os recursos correntes dos que dispón; a empresa exerce unha ou máis actividades nun ou varios lugares. Unha empresa pode corresponder a unha única unidade xurídica.

Así, unha empresa pode ser:

- Unha Unidade Legal independente que non forma parte de grupo empresarial
- Un grupo empresarial formado por unha ou varias Unidades Legais

- Un subconxunto dunha ou varias Unidades Legais dun grupo empresarial.

2. Obxectivo

A explotación dos microdatos da enquisa facilitados polo INE trata de ofrecer información directa sobre o proceso de innovación nas empresas, en canto á innovación nos produtos, nos procesos de produción, na comercialización ou na organización das empresas, e elabora indicadores que permitan coñecer os distintos aspectos deste proceso (impacto económico, actividades innovadoras, custo,...)

3. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional: As empresas obxecto do estudo son as innovadoras ou potencialmente innovadoras. Isto é, todas as empresas agrícolas, industriais, de construción e de servizos cun mínimo de dez persoas ocupadas remuneradas, con actividade económica principal nas seguintes agrupacións de actividade da CNAE-2009 (01 a 03, 05 a 09, 10 a 33, 35, 36 a 39, 41 a 43, 45 a 47, 49 a 53, 55 a 56, 58 a 63, 64 a 66, 68, 69 a 75, 77 a 82, 86 a 88, 90 a 93, 95 a 96).

Ámbito territorial: A enquisa esténdese a todo o territorio español e o IGE explota a información das empresas con sede social en Galicia proporcionada polo INE.

Ámbito temporal: A periodicidade é bienal e existen dous períodos de referencia. O período principal corresponde ao ano inmediatamente anterior ao da súa execución, mentres que as variables relacionadas coas innovacións implantadas pola empresa refírense ao intervalo que abarca desde os tres anos anteriores ata o ano anterior ao da execución da enquisa.

4. Definicións

Actividades de innovación

Actividades financeiras, de desenvolvemento e de comercialización levadas a cabo pola empresa e que teñen por obxectivo, ou xeraron unha innovación.

- As actividades innovadoras poden resultar nunha innovación, ser pospostas ou abandonadas.
- Poden ser levadas a cabo dentro da empresa, contratarse a terceiros ou unha combinación de ambos.

- Poden xerar coñecemento ou información aínda que non se introduza ningunha innovación no período.

Trátase do conxunto de actividades que conducen ao desenvolvemento ou introdución de innovacións. Considéranse as seguintes actividades:

- Investigación e desenvolvemento experimental (I+D) interna
- Adquisición de I+D (I+D externa)
- Enxeñaría, deseño e outras actividades creativas
- Márketing e creación de marca
- Actividades relacionadas cos dereitos de propiedade intelectual
- Actividades relacionadas coa formación de persoal
- Desenvolvemento de software e actividades relacionadas co traballo de bases de datos
- Actividades relacionadas coa adquisición ou aluguer de bens tanxibles

Compra de I+D (Gasto I+D externo)

Son os gastos motivados pola adquisición de I+D fóra da empresa mediante contrato, convenio, etc. Inclúese a adquisición de actividades de I+D realizada por outras empresas (incluídas as do seu mesmo grupo) ou outras organizacións de investigación públicas ou privadas. Exclúense as cotas institucionais para financiar a outras empresas, asociacións de investigación, etc. que non impliquen unha compra directa de I+D.

Cooperación en innovación

Enténdese por cooperación en innovación a participación activa en proxectos conxuntos de innovación (incluído I+D) con outras organizacións. Estas organizacións poden ser tanto empresas como institucións non comerciais. Non implica necesariamente que ambos interlocutores obteñan beneficios comerciais inmediatos na cooperación. A mera contratación fóra da empresa de traballos, sen colaboración activa por parte desta, non se considera cooperación.

Empresa innovadora

Empresa que introduciu unha ou máis innovacións no período de observación, tanto si a innovación é responsabilidade da empresa individualmente como se foi unha responsabilidade compartida con outra.

Gasto en I+D

O gasto en I+D interna comprende todos os gastos correntes máis o gasto bruto de capital fixo para o I+D executada dentro dunha unidade estatística durante o período de referencia, calquera que sexa a fonte de financiamento.

Os gastos en I+D divídense en gastos correntes e gastos de capital.

Gastos correntes: os gastos correntes son os custos laborais do persoal en I+D e os outros gastos correntes tales como os servizos e outras partidas de gasto (incluído o equipo) utilizados e consumidos ao longo dun ano.

Gastos de capital: son as compras e outros custos asociados á adquisición ou formación de activos fixos que se utilizan de maneira repetida ou continuada na execución do I+D durante máis dun ano.

I+D

As actividades de investigación e desenvolvemento (I+D) comprenden o traballo creativo e sistemático emprendido co fin de incrementar o volume de coñecementos (incluíndo o coñecemento da humanidade, a cultura e a sociedade) e de concibir novas aplicacións do coñecemento.

As actividades de I+D poden desenvolverse dentro da empresa, nese caso falaremos de I+D interno, ou poden adquirirse a outras empresas ou organismos (tales como universidades, asociacións de investigación...), nese caso falaremos de compra de I+D (I+D externo)

Innovación

Unha innovación é un produto ou proceso de negocio novo ou mellorado (ou unha combinación dos dous) que difire significativamente dos produtos ou procesos de negocio previos da empresa e que foi introducido no mercado ou implementado na empresa.

- A innovación ten que selo para a empresa, pero non necesariamente para o seu sector ou mercado. Polo tanto, é suficiente que sexa unha novidade ou mellora para a empresa.
- A innovación púdoa desenvolver a propia empresa, a empresa xunto con outras organización ou puido ser desenvolva por outras empresas ou organizacións.
- Os cambios de natureza estética ou os simples cambios de organización ou de xestión non deben incluírse.

Unha innovación pode ser de produto ou de procesos de negocio

Innovación de produto

É un ben ou servizo novo ou mellorado que difire significativamente dos bens ou servizos previos da empresa e que foi introducido no mercado.

Innovación nos procesos de negocio

É un proceso de negocio novo ou mellorado para unha ou máis funcións de negocio que difire significativamente do proceso de negocio anterior da empresa e que foi implementado na empresa.

Licenza

É un acordo contractual entre dúas ou máis partes na que unha parte autoriza a outra a usar a súa propiedade intelectual.

Patente

É a forma que adquire a protección xurídica da actividade innovadora. Unha patente é un título que recoñece o dereito de explotar en exclusiva a invención patentada, impedindo a outros a súa fabricación, venta ou utilización sen consentimento do titular. Como contrapartida, a patente ponse a disposición do público para xeral coñecemento.

Persoas empregadas

O número de persoas empregadas corresponde co número de persoas que traballan na empresa xunto coas persoas que, a pesar de traballar fóra da empresa, perciben una retribución por parte da empresa (por exemplo, os representantes de comercio e o persoal de entrega de pedidos, reparación e mantemento que traballan por conta da empresa). Inclúe o persoal remunerado e o non remunerado.

O **persoal remunerado** está formado polos traballadores ligados á empresa por un contrato de traballo e que son retribuídos con cantidades fixas ou periódicas en forma de soldo, salario, comisión ou pago en especie. Tamén se considera como persoal remunerado os propietarios retribuídos polo seu traballo; os estudantes cun compromiso formal polo que contribúen ao proceso de produción da empresa a cambio de remuneración e/ou servizos de educación; os empregados contratados mediante un contrato de fomento das contratacións de persoas desempregadas; os traballadores domiciliarios se hai un acordo explícito de que se lles remunera en función do traballo que realizan e están incluídos en nómina.

O **persoal non remunerado** está constituído polas persoas que dirixen ou participan activamente nos traballos da empresa sen percibir unha remuneración fixa ou salario. Inclúense os propietarios, socios autónomos que exercen unha actividade na empresa e axudas familiares. Non se inclúen os socios exclusivamente capitalistas nin os familiares do propietario que non participen activamente na empresa, nin as persoas que estean incluídas na nómina de outra empresa na que realicen a súa actividade principal.

5. Unidade estatística e unidade informante

Unidade estatística: A unidade estatística é a Empresa estatística

Unidade informante: A unidade informante é a Unidade Legal, perfectamente definida e localizada, o que facilita a resposta. A obtención da información procede da recollida directa mediante cuestionarios.

Delineación das empresas estatísticas mediante a metodoloxía profiling:

https://www.ine.es/metodologia/t37/t3730200_profiling.pdf

A delineación de empresas dentro de grupos realízase empregando unha serie de criterios cuxo resultado final é, non só a definición das Empresas que operan dentro dun grupo, senón tamén os vínculos que hai entre as Unidades Legais que as compoñen e as súas principais características.

6. Deseño mostral

Para obter datos a nivel de Unidade Empresa Estatística (UEE) aplícase mostraxe indirecta a partir da mostra de Unidades Legais (ULE).

Marco mostral: O DIRCE é o marco para extraer a mostra, actualizado anualmente con fontes tributarias, Seguridade Social e operacións estatísticas do INE. Está organizado nos seguintes niveis: establecemento, ULE, UEE e grupo empresarial.

Unidades exhaustivas:

- Todas as unidades do directorio de unidades posiblemente investigadoras.
- Do DIRCE, todas as ULE con 200 ou máis asalariados que estean dentro do ámbito poboacional da enquisa e outras unidades de menor tamaño pero relevantes para a enquisa.

Estratificación:

Os estratos fórmanse polo cruce da comunidade autónoma × ramas de actividade económica principal× grupo de tamaño, medido polo número de asalariados:

- Comunidade autónoma é a da sede social da ULE.
- Rama de actividade principal segundo a CNAE-2009: considéranse 59 conxuntos de divisións de actividade.
- Os grupos de tamaño:
 - o De menos de 10 asalariados (só para a división 72).
 - o De 10 a 49 asalariados
 - o De 50 a 199 asalariados
 - o De 200 e máis asalariados

7. Selección da mostra

Para as ULE do DIRCE, en cada estrato selecciónase unha mostra aleatoria mediante Números Aleatorios Permanentes e coordinación negativa coas demais mostras aleatorias obtidas do DIRCE nun ano determinado, distribuíndo equitativamente a carga de resposta entre informantes.

8. Presentación de resultados

A publicación da Explotación da enquisa de innovación das empresas estruturouse nos seguintes bloques:

- Gastos e persoal en innovación
- Intensidade de innovación
- Innovación no período
- Financiamento nas empresas con actividades innovadoras no período
- Cooperación nas empresas con actividades innovadoras no período
- Beneficios medioambientais nas empresas con actividades innovadoras no período
- Uso de dereitos da propiedade intelectual